



44

Boa terra ié Carnés
e nós sómo-los primeiros
e alabámo-nos por todo o mundo
sendo nós os máis preguiseiros.

Uns quedaban tras do lare
i outros rascaban na perna
i outros marchan pra Carnés
e botanse na taberna.

A cando chegh'o fill'á casa
e io fillo berra e mái-la nai
e di que vén da taberna
maldit'outra cousa fai.

A logho ti qu'es perghuiseiro
e non queres ir pedir
hahme desir Avelino
de qué é que queres vivire.

135

Boa terra é Baíñas
boa terra ié Baíñas
älí hai uns xastres bos
que cosen e botan liñas.

Eu de xastre compañeiros
pra desir non o entendo
solo qu'alí un home vello
colocouchem'un remendo.

Despois vén unha mullere
e eu non era avoghado
e preguntoume por Dios
que lle tapás'un furado.

Ai, eu vin un furadiño
como'on furado da pulla
quixen taparl'o furado
pero eu perder'a aghulla.



Mirá qu'hai unha tristesa
nã maneirã de cantare
cand'un home con sinco sentidos
non tén aghulla de mareare.

A dempois saliu un
porqu'aquel foi o primeiro
botouse rindo pra min
tíroliro meu ghaiteiro.

Eu lovãntem'a cabeza
e mireinlle car'ó seu
e dixenll'a aquel homiño
a ghaita teñoa ieu.

E viñeron as mulleres
unha d'aquí i outra d'alí
todas pra que llo tocasse
io meu pobre pirolíe.

Eu quixen marchar á casa
acordeime de mous pais
si queredes bailar solas
porqu'o meu non toca máis.

1024b

Pasein pola túa porta
e adiós non me dixestes
cando pases pola miña
fagho como me fixestes.

Boas tardes, compañeiro,
quen non tén pan xa seu
dódemo a tal cãntãrea,
dirásme quen cha ensinou.

389bis

Miña nai era cantora
meu pai casador de lebres
eu como non seín cantare
dedicabam'ás mulleres.